



## **BASES DE COMPETICIÓN E REGULAMENTO DA SEGUNDA EDICIÓN DO TORNEO 3X3 NA RÚA FUNDACIÓN BREOGÁN**

---

### **1. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:**

- **BENXAMÍN / ALEVÍN:** 2012, 2013 e 2014 (Mixto)
- **ALEVÍN / INFANTIL:** 2009, 2010 e 2011 (Masculino)
- **ALEVÍN / INFANTIL:** 2009, 2010 e 2011 (Feminino)
- **CADETE / JUNIOR:** 2005, 2006, 2007 e 2008 (Masculino)
- **CADETE / JUNIOR:** 2005, 2006, 2007 e 2008 (Feminino)

### **2. SISTEMA DE COMPETICIÓN E NÚMERO MÁXIMO/MÍNIMO DE EQUIPOS:**

De cada categoría, haberá un máximo de 8 equipos e un mínimo de 6 (**exceptuando a categoría benxamín / alevín que será de máximo 12 equipos e mínimo 4**). En función do número de equipos de cada categoría elixirase o sistema de competición oportuno, xogando como mínimo, 3 encontros cada equipo. No caso de haber menos de 6 equipos en algunha das categorías, a organización poderá decidir que se compita conxuntamente por categoría, xuntando os equipos femininos e masculinos, ou incluso cancelar o torneo desa categoría.

### **3. INFORMACIÓN IMPORTANTE:**

- Cada equipo contará como mínimo con tres xogadores e un máximo de catro, determinándose á hora da inscrición o nome do capitán/representante. Inscibiranse cun nome de equipo e facilitarán todos os datos requiridos de cada xogador así como dun responsable que deberá dispor de teléfono móbil. No caso de menores necesitarase a autorización asinada para xogar por pai, nai ou tutor.

- Unha vez realizada a inscrición non se devolverá a cota por ningunha causa, excepto por cancelación do torneo por parte da organización, onde se devolvería a cantidade integramente.

- Todas as categorías competirán en canastra grande (3,05m) con balón talla 6, específico de baloncesto 3x3, **exceptuando a categoría Benxamín / Alevín que lo fará en canastra pequena (2,60m)**.

Poderase xogar nunha categoría inmediatamente superior, pero nunca nunha inferior á correspondente por idade.

- En función do número de equipos inscritos, a organización determinará os cruces entre os mesmos e os tempos máximos de xogo de cada un (o tempo estándar será de 10 minutos por encontro). **Tamén, en función do número de equipos inscritos en cada categoría, poderase ampliar ou reducir o número de equipos inicialmente indicado para cada categoría.**

- Cada equipo deberá acudir con 2 camisetas, ou camiseta reversible por xogador de distinta cor, para distinguirse ben do equipo contrario.

- Os horarios de cada categoría publicaranse o xoves 15 de xuño nas nosas redes sociais e enviaranse a cada responsable por WhatsApp.

- A non comparecencia a un encontro poderá supor a inmediata descalificación do torneo do equipo.

## REGULAMENTO 3X3 NA RÚA FUNDACIÓN BREOGÁN

<b>CANCHA E BALÓN</b>	Pistas exteriores do Pazo Dos Deportes (Lugo). Utilizarase un balón específico para o baloncesto en formato 3x3.
<b>PLANTILLA DO EQUIPO</b>	4 xogadores. 3 + 1 sustituto. <i>Nota: O partido debe comezar con 3 (tres) jogadores en la pista.</i>
<b>ÁRBITRO(S)</b>	1 árbitro.
<b>CRONOMETRADOR/ANOTADOR</b>	1 persoa por mesa.
<b>TEMPOS MORTOS</b>	1 por equipo de 45".
<b>PRIMIERA POSESIÓN</b>	Lanzamento de moeda. <i>Nota: O equipo que gaña o lanzamento de moeda decide se elixe o balón para comezar o encontro ou para ter a primeira posesión nunha posible prórroga.</i>
<b>ANOTACIÓN</b>	1 punto e 2 puntos (se anota dende detrás do arco)
<b>DURACIÓN DO PARTIDO E LÍMITE DE ANOTACIÓN</b>	Os encontros durarán 10 minutos a tempo corrido. Só se deterá el tempo en el último minuto de juego. Límite de anotación: 15 puntos. Aplicable soamente ó tempo de xogo regular.
<b>PRÓRROGA</b>	O primeiro equipo que anota dous (2) puntos gaña o encontro.
<b>RELOXO DE LANZAMENTO</b>	12 segundos. A persoa da mesa avisará e realizará unha conta atrás durante os últimos 5 segundos de posesión.
<b>TIRO(S) LIBRE(S) DESPOIS DUNHA FALTA DE TIRO</b>	1 tiro libre. 2 tiros libres, se a falta se comete detrás do arco.
<b>LÍMITE DE FALTAS DE EQUIPO</b>	6 faltas de equipo.
<b>PENALIZACIÓN PARA AS FALTAS DE EQUIPO 7ª, 8ª E 9ª</b>	2 tiros libres. En tódolos casos. Non existe o concepto de tiro adicional durante unha falta en acción de tiro e canastra convertida.

<b>PENALIZACIÓN PARA AS FALTAS DE EQUIPO 10ª E POSTERIOR</b>	2 tiros libres e posesión de balón. En tódolos casos. Non existe concepto de tiro libre adicional durante unha falta en acción de tiro e canastra convertida.
<b>PENALIZACIÓN POR FALTA TÉCNICA</b>	1 tiro libre, sen cambio de posesión.
<b>PENALIZACIÓN POR FALTA ANTIDEPORATIVA</b>	2 tiros libres (e posesión de balón como a 10ª falta de equipo oo posteriores). Considerada como 2 faltas para a conta de faltas de equipo.
<b>PENALIZACIÓN POR FALTA DESCALIFICANTE</b>	2 tiros libres e posesión de balón. Considerada como 2 faltas para a conta de faltas de equipo.
<b>POSESIÓN DESPOIS DUNHA CANASTRA CONVERTIDA</b>	Balón para a defensa. Xusto debaixo do aro. O balón bota ata ou pasado a un xogador detrás do arco. Non se lle permite ó equipo defensor xogar o balón dentro da área do semicírculo de non carga debaixo do aro.
<b>DESPOIS DE BALÓN MORTO</b>	Intercambio do balón (check ball) detrás do arco (na parte superior).
<b>DESPOIS DE REBOTE OFENSIVO OU ROUBO</b>	O balón bota ata ou pasado a un xogador detrás do arco.
<b>DESPOIS DE SITUACIÓN DE SALTO</b>	Posesión para a defensa.
<b>SUSTITUCIÓNS</b>	En situacións co balón morto, antes do <i>check ball</i> dun tiro libre ou durante os tiros libres. O substituto pode entrar no partido despois de que o seu compañeiro saia do terreo de xogo e de establecer un contacto físico con el detrás da línea de fondo oposta á canastra. As substitucións non requiren ningunha acción dos árbitros ou oficiais de mesa.